

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A FUNDACIÓN BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES SAAVEDRA

En Madrid, a 12 de decembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Ramón Villares Paz**, presidente do CONSELLO DA CULTURA GALEGA, con CIF Q-65500035-E e sede no Pazo de Raxoi, 2º piso, Praza do Obradoiro s/n, 15705, Santiago de Compostela, con poderes suficientes para a realización deste acto en virtude do establecido na Lei 8/1983, do 8 de xullo, e no Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Consello da Cultura Galega

E doutra, **D. Manuel Bravo Lifante**, Director Xeral da **FUNDACIÓN BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES SAAVEDRA** (en diante, **FBVMC**), con domicilio, a estes efectos, en Praza Manuel Gómez Moreno, 2, edificio Mahou, Anexo planta 3.ª, de Madrid, e CIF n.º G82975350, actuando no seu nome e representación, con poderes suficientes para a celebración deste acto.

EXPOÑEN

- I.** Que son funcións do Consello da Cultura Galega, segundo a Lei 8/1983 do 8 de xullo, de fundación e organización do Consello, nos seus parágrafos b), c) e e) do artigo 6º, Título II “investigar e valorar as necesidades culturais do

pobo galego. Organizar actuacións culturais axustadas aos fins do Consello dentro e fóra de Galicia. Elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego”.

O CONSELLO DE CULTURA GALEGA está interesado na investigación, o rescate e a difusión da historia da edición literaria en galego e en Galicia. Neste sentido, o Consello da Cultura Galega está interesado en investigar a actividade dos editores galegos en calquera ámbito xeográfico, para o que realiza un proxecto de investigación coordinado polaco obxecto de elaborar descrições bio-bibliográficas centradas nos editores, editoriais e coleccións literarias de/en Galicia, redactadas tanto en castelán como en galego, no marco do portal *Editores y Editoriales Iberoamericanos (siglos XIX-XXI)*. *EDI-REDE*, desenvolvido entre o CSIC e a Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, baixo a dirección da

II. Que a **FBVMC** leva a cabo un ambicioso proxecto de dixitalización das obras clásicas literarias e científicas máis importantes do patrimonio cultural en linguas hispánicas a través da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (www.cervantesvirtual.com). A **FBVMC** pretende proporcionar un instrumento adecuado para potenciar a expansión da cultura española e hispanoamericana no mundo, a través da utilización e a aplicación dos medios tecnolóxicos máis modernos. Tendo entre outros fins específicos a dixitalización das obras máis relevantes da cultura hispanoamericana, o desenvolvemento de servizos informáticos para o usuario relacionados coa súa consulta e investigación, así como o desenvolvemento de estudos e investigacións e a súa difusión en todo o mundo, a cooperación internacional coas Autoridades, as Universidades e outras institucións culturais, para favorecer a expansión do idioma, a cultura e as letras hispánicas.

A **FBVMC** leva a cabo o deseño, desenvolvemento tecnolóxico, aloxamento e mantemento do portal académico *Editores y Editoriales Iberoamericanos*. *EDI-REDE*, dirixido pola....., investigadora do CSIC. O devandito portal pretende trazar o mapa da edición literaria en castelán, catalán, eúscaro e

galego, así como en portugués, desde 1800 ata a actualidade, xa sexa en papel ou en formato dixital. Con este fin, ofrece retratos bio-bibliográficos, memorias editoriais, material audiovisual, recursos bibliográficos e webgráficos ou panoramas críticos sobre a edición literaria nas linguas ibéricas.

III. Que as dúas institucións queren desenvolver unha colaboración estreita por entender que iso é de mutuo beneficio e que debe redundar nun emprego máis eficiente dos seus recursos, tecnoloxía e coñecementos. Polo que é de interese para ambas as partes colaborar no portal académico *Editores y Editoriales Iberoamericanos. EDI-REDE*.

Que, de acordo co exposto, e co fin de facilitar a colaboración entre as dúas institucións,

MANIFESTAN

PRIMEIRA. Modalidades de colaboración

O Consello da Cultura Galega autoriza a cesión, sen réxime de exclusividade, das descrições bio-bibliográficas (redactadas en castelán) para a súa publicación no portal *Editores y Editoriales Iberoamericanos. EDI-REDE*, na sección Catálogo. En calquera caso, o Consello de Cultura Galega resérvase o dereito de publicar este mesmo material na súa web oficial, indicando sempre que tales achegas deriváronse da colaboración no portal académico *Editores y Editoriales Iberoamericanos. EDI-REDE*.

A FBVMC incluírá os logos que estime necesarios o Consello de Cultura Galega, así como unha ligazón aos contidos na súa páxina web, como ratificación da colaboración subsrita entre ambas as entidades na páxina principal do proxecto, xunto ás institucións colaboradoras-financiadoras.

Igualmente a FBVMC autoriza ao Consello da Cultura Galega a difundir na súa páxina web as voces publicadas pola FBVMC no seu portal *Editores y Editoriales Iberoamericanos. EDI-REDE*, referentes a editores e editoriais galegos, , indicando

sempre que tales achegas deriváronse da colaboración no portal académico *Editores y Editoriales Iberoamericanos. EDI-REDE*.

O Consello da Cultura Galega incluírá os logos que estime necesarios la FBVMC, así como unha ligazón ao portal Editores y Editoriales Iberoamericanos. EDI-REDE, como ratificación da colaboración subscrita entre ambas as entidades na páxina principal do proxecto.

SEGUNDA. Propiedade intelectual

As obras con calquera tipo de dereitos en vigor deberán contar, para a súa comunicación pública na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, coas autorizacións pertinentes dos posuidores de tales dereitos, que serán xestionados polo **CONSELLO DA CULTURA GALEGA**.

Dada a natureza intrinsecamente transfronteiriza do medio utilizado pola Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (www.cervantesvirtual.com) para a difusión do seu fondo bibliográfico dixitalizado, a autorización do **CONSELLO DA CULTURA GALEGA** para a difusión de fondos a través da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes terá eficacia a nivel mundial, en réxime de non exclusividade, e unha duración correspondente ao período legalmente establecido ata o paso das obras ao dominio público.

Os fondos que se incorporen á Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes terán o mesmo tratamento que o resto de fondos achegados polas institucións coas que a **FBVMC** estableceu convenios de colaboración, podendo a **FBVMC** incluír os fondos facilitados polo **CONSELLO DE CULTURA GALEGA** naquelas seccións do portal que considere oportunas, a condición de que non supoña menoscabo dos seus intereses e previa autorización do Consello da Cultura Galega.

Cada parte queda autorizada, exclusivamente no ámbito da execución do presente convenio, para utilizar as marcas rexistradas, logos, nomes comerciais e signos distintivos da outra.

TERCEIRA. Duración

O presente Convenio terá unha vixencia de dous anos a partir da data da firma, podéndose renovar anualmente salvo manifestación en contra dalgunha das partes con dous meses de antelación.

CUARTA. Financiamento

Este convenio non ten ningún custo económico para o Consello da Cultura Galega.

QUINTA. Comisión mixta

Para o seguimento e control deste convenio constituirase unha comisión que estará formada por dous representantes do Consello da Cultura Galega e dous representantes da FBVMC, nomeados polas respectivas entidades. Esta comisión será a encargada de resolver as controversias que aparezan respecto da interpretación e efectos do presente convenio.

A FBVMC remitirá a un interlocutor, designado polo Consello da Cultura Galega, informes periódicos nos que reproducirán a marcha dos traballos obxecto do presente convenio.

O Consello da Cultura Galega prestará o asesoramento técnico preciso para a execución das actividades previstas no presente convenio.

SEXTA. Autorizacións

As persoas que asinan o presente convenio manifiestan o seu consentimento e autorización para que os seus datos persoais que contén o acordo, e o resto das especificacións, contidas no mesmo, poidan ser publicadas no «Portal da Transparencia e Goberno Aberto» da Xunta de Galicia.

SÉTIMA. Transparencia

No compromiso da transparencia e publicidade de actuación da Xunta de Galicia, e segundo o disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo

gobierno, o presente convenio será obxecto da publicidade prevista na devandita lei e será tamén obxecto de publicidade a teor do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

OITAVA. Confidencialidade e Protección de Datos

No marco das conversacións mantidas para a consecución deste Convenio de Colaboración e das accións que a partir del se decidan, as partes poderán revelar determinada información relativa ás súas actividades e necesaria para a consecución do presente Convenio de Colaboración. As partes acordan que a información que se revelen mutuamente (salvo que sexa de dominio público ou que xa se coñecese pola outra parte por medios lexítimos) terá a consideración de confidencial (a “Información Confidencial”), sen prexuízo da súa revelación cando sexa necesario por requirimento axustado a Dereito de autoridades xudiciais ou administrativas competentes.

As partes igualmente comprométense, no necesario, a cumprir o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, do 13 de decembro de 1999 e demais lexislación concordante e aplicable nesta materia.

As partes len o presente documento, atópano conforme e, en proba diso, asínano, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

CONSELLO DA CULTURA GALEGA	FUNDACIÓN BIBLIOTECA VIRTUAL
	MIGUEL DE CERVANTES
Ramón Villares	D. Manuel Bravo Lifante
Presidente	Director Xeral